

ACTA DE REUNIÓN EXTRAORDINARIA DE XUNTA GOBERNO

DATA: Mércores, 16 de novembro 2022

HORARIO: 19.30h – 21.00h

LUGAR: A través da Plataforma Zoom – Telemática.

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES:

Miriam Rodríguez Sierra (Presidencia)	María Rosario Capelo Casas (Vogal)
Ana María Rodríguez Fernández (Secretaría)	Cristina Díaz Mira (Vogal)
Antonio Doval Canabal (Tesouraría)	Elena Gómez Fernández (Vogal)
Adriana Vieites Freire (Vogal)	Nerea Fernández Gómez (Técnica COTSG)
Laura Zapata Criado (Vogal)	

RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES

Pablo Antelo García (Vogal) *delega o seu voto* en Cristina Díaz Mira

Ana Vilar Varela (Vicepresidencia) *delega o seu voto* en Cristina Díaz Mira

1. Informar da situación da Quenda de Garda Social permanente para mulleres e persoas dependentes a cargo que sofren violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Aprobar, se procede, a continuidade, ou non, da mesma.

Ana Rodríguez expón ás integrantes da Xunta de Goberno a situación da Quenda de Garda social en Violencia de Xénero. Relata que tras a posta en marcha da Quenda de Garda Social o pasado 16 de outubro de 2019 e pese aos esforzos realizados por parte do COTSG dende as actuacións para difundila, á formación específica das integrantes da mesma e as reunións mantidas coas forzas e corpos de seguridade, non chegou a ter actividade por falta de coordinación e impulso institucional.

Ao longo destes anos vimos detectando unha alarmante falta profesionais do Traballo Social nos Centros de Información á Muller e nas equipas específicas que traballan coas vítimas de violencia de xénero. Esta falta de profesionais ten efectos na atención que reciben as usuarias. A existencia de problemas de comunicación e coordinación entre distintos sistemas que deben traballar de xeito coordinado e global, e os tempos de agarda para ser atendidas nos servizos públicos de atención ás mulleres, son situacións coñecidas. Por todo isto, a Xunta de Goberno considera que é imprescindible investir en recursos ampliando a rede de recursos públicos ampliando a rede existente co obxecto de establecer unha atención inmediata e continuada que se centre no acompañamento e as necesidades reais das vítimas de violencia de xénero. En definitiva, establecer un sistema no a persoa atendida sexa o centro da intervención.

Por tanto, a Xunta de Goberno acorda a continuación a continuación da Quenda Social coa Consellería de Emprego e Igualdade para garantir a administración autorizada a administrar os recursos humanos que melloren a estatuto coas propostas de emprego público galego de xénero.



Asdo: 34999031T MIRIAM RODRIGUEZ (R: Q15690160) o día 24/08/23 cun certificado emitido por:
AC Representación

Asdo: RODRIGUEZ FERNANDEZ ANA MARIA - 32672820D o día 24/08/23 cun certificado emitido por:
AC FNMT Usuarios

Visto é prace.

A Presidenta

A Secretaria

Asdo: Miriam Rodríguez Sierra

Asdo: Ana Rodríguez Fernández